

ACTIVIDADES PARA REALIZAR CO CONTO DARÍO E O CONCURSO DE DEBUXO

Contidos que podes traballar con esta actividade

Área **Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal**: Bloque 1, 2, 3 e 4.

Área **Coñecemento da contorna**: Bloque 2.

Área **Linguaxes: Comunicación e representación**: Bloque 1, 3 e 4.

FICHA DE LECTURA *DARÍO Y EL CONCURSO DE DIBUJO*

Necesitaremos

Conto de *Darío e o concurso de debuxo* (Anexo e [ligazón](#)).

Consideracións previas

O obxectivo é profundar no “proceso” da amizade, desde o coñecemento do/da outro/a, ata a consolidación e a unión do grupo. En concreto, con este conto, queremos facer reflexionar ao alumnado sobre a importancia de pertencer a un grupo de amigos e amigas, traballar e celebrar os logros en equipo.

Desenvolvemento

- Ler aos nenos e ás nenas o conto de “Darío e o concurso de debuxo”.
- En caso de verse necesario, ao finalizar a lectura, podemos iniciar unha rolda de preguntas para asegurarnos de que seguiron adecuadamente a historia. Despois de ler cada frase, deberán responder se é verdadeira ou falsa.
 - A Darío non lle gustaba debuxar.
 - A Darío elixíronlle para que fixese o debuxo que representaría ao cole no concurso.
 - Darío quería facer o debuxo só.
 - Toda a clase unida pintou un mural precioso.
 - O cole non gañou o concurso de debuxo.
 - Aprenderon que o máis importante é divertirse e facer cousas en equipo.
 - Toda a clase descubriu que o mellor premio é o da amizade.
- Unha vez terminada a lectura do conto, reflexionar cos nenos e as nenas sobre a importancia de traballar en equipo e de celebrar os logros conseguidos en grupo a partir de preguntas como estas:
 - Como vos gusta máis facer as cousas, sós e soas ou en equipo?
 - Que diferenzas hai entre facelas sós e soas ou en equipo? (Por exemplo, pódennos axudar quen sabe xa facelo). Deixar que comenten outras cousas.
 - Darío debuxa mellor que o resto de persoas da súa clase. Creedes que, se fixese só o debuxo, gañase o primeiro premio?
 - Que cousas creedes que puideron achegar o resto de nenos e nenas ao mural?



- Lembrar a rima final do conto e o seu ensino:

O concurso gañamos porque en grupo debuxamos.

Compartimos, divertímonos e gozamos.

Merecémonos o premio máis grande que se pode gañar:
o do traballo en equipo e celebrar a AMIZADE!

- Cando nos sae algo mal e estamos tristes, podemos consolarnos a nós mesmos? Que nos gusta ter neses momentos?
- E cando nos saen as cousas ben, Como son mellores as celebracións, sós ou con outras persoas?

DARÍO E O CONCURSO DE DEBUXO

A Darío encántalle debuxar, desde que era moi pequeno. A través das cores expresa o que sente.

A clase de plástica é a súa favorita e todo o mundo queda sorprendido coa súa arte.

Un día, a profesora contoulles que se presentarían a un concurso no que ían participar todos os coles da cidade!

Enseguida pensaron que Darío sería o elixido para facer o debuxo que representaría ao seu colexio: —É o mellor! —dicían—. Se o fai el, seguro que gañamos.

Cando a profesora deu a noticia a Darío, en lugar de poñerse contento se entristeceu.

A el encantáballe pintar, pero o que máis lle gustaba era xogar coas súas amigas e amigos e facer actividades en grupo.

—Que che pasa Darío? —díxolle a súa profesora—. Non estás feliz de poder participar?

—Si, pero non me gusta facelo só. Eu quero que, toda a clase, tamén debuxe comigo.

—Paréceme unha idea xenial! —dixo a profesora—. Así o faremos! Ademais, cando compartimos, todo é máis divertido e enriquecedor.

Estenderon unha gran peza de papel no patio e toda a clase foi debuxando o que mellor sabía facer. Pintaron con pinceis, coas mans...e toda a roupa e as súas caras acabaron cheas de pintura. Que ben o pasaron! Darío estaba feliz!

O resultado foi un mural precioso, era orixinal, bonito e colorido.

Aínda que non gañaron o primeiro premio do concurso.

Pero iso era o de menos. O máis importante é que compartiran, divertiranse e celebraran en grupo o premio. Pero non o do concurso, se non o verdadeiro premio, que é o da AMIZADE.

**Un premio gañamos
porque en grupo debuxamos.
Compartimos, divertímonos e gozamos.
Merecémonos o premio
máis grande que se pode gañar:
o do traballo en equipo
e celebrar a AMIZADE!**

O MURAL DA AMIZADE

Neceſitaremos

Papel continuo (do tamaño que se considere), lapis e pinturas.

Consideracións previas

Aproveitaremos a realización dun mural para reforzar a mensaxe do conto sobre a importancia de traballar en equipo e a celebración da amizade.

Desenvolvemento

- En asemblea, pedir aos nenos e as nenas que digan que é o mellor de ter amigos e amigas. Apuntar na lousa o que vaia saíndo.
- Cando se teñan unas cantas cousas, pedir que, entre todos e todas, dean ideas e exemplos de como plasmalas nun debuxo.
- Ao rematar, pedir ao grupo que se poñan ao choio, e que plasmen nun mural, pintado en equipo, todo o que saíu.
- Cando estea terminado, colgalo na clase e celebrar todos e todas xuntas que é unha obra en equipo e que **representa a amizade**.